



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, CHAN E VOO DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1º. - Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58, en relación co art. 20, ambos os dous da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupacións do subsolo, chan e voo da vía pública, especificado nas contías establecidas no artigo 4º da presente ordenanza.

Artigo 2º. - Obrigados de pagamento.

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou Entidades ao favor das cales se outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3º. - Categoría das rúas ou polígonos.

1. - Aos efectos previstos para a aplicación das Tarifas da presente Ordenanza, as vías públicas deste municipio clasifícanse en categoría única.

Artigo 4º. - Contía.

A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será, para as empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte da veciñanza, en todo caso e sen excepción algunha, no 1'5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as devanditas empresas. PARA estes efectos, entenderase por ingresos brutos os que figuran na devandita facturación.

Artigo 5º. - Normas de xestión.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte.

Unha vez autorizada a ocupación, senón determinouse con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

Artigo 6º. - Obriga de pagamento.

A obriga de pagamento da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

- Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

- Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos trimestres vencidos.

O pagamento da taxa realizarase:

- Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesouraría municipal ou onde establece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

- Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matriculas desta Taxa, por trimestres naturais nas Oficinas da Recadación Municipal, ou Entidade Bancaria que se indique, dende o día 16 do primeiro mes do trimestre ata o día 15 do segundo mes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

De conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, contra esta Ordenanza pode interpoñerse, a partir da publicación desta no Boletín Oficial da Provincia, recurso contencioso-administrativo na forma e prazo que se establecen nas Normas Reguladoras da devandita Xurisdición.